



practicar a notificación persoal ó interesado no lugar indicado como enderezo a efectos de notificación, emprázase ó interesado que se sinala para ser notificado por comparecencia no seguinte expediente de Responsabilidade Patrimonial

Na expediente: 3619/243.

Interesada: Enrique Bouzón Martínez.

A comparecencia deberá efectuarse perante o órgano de tramitación na Oficina de Patrimonio do Concello de Vigo, Prazo do Rei, s/n en horario de 09 a 14 horas de luns a venres.

Transcorrido un prazo de dez días sen se efectuar a comparecencia, a notificación entenderase producida desde o dia seguinte ó do vencemento do prazo sinalado para comparecer.

Vigo, 29 de xuño de 2012.—A Concelleira-Delegada de Patrimonio, Raquel Díaz Vázquez.

2012006707

### A N U N C I O

*A Xunta de Goberno Local en sesión en sesión ordinaria do 20 de xullo de 2012 adoptou o seguinte acordo:*

- 1.— Declarar, ao abeiro do establecido no artigo 11 en relación co artigo 24 da ordenanza municipal para a protección e tenencia de animais, como zona de esparexemento canino a parcela sita no Paseo Joaquín García Picher, cunha superficie de 468,02 m<sup>2</sup>, segundo plano de situación incorporado ao expediente 8601/306.
- 2.— Autorizar, na franxa horaria que vai dende as 06:00 horas ata as 24:00 horas, a libre circulación dos cans neste espazo, os cales poderán ir soltos acompañados polo seu propietario/a ou posuidor/a.
- 3.— Quedan exceptuados do disposto no apartado anterior os cans cualificados como potencialmente perigosos, conforme ao Decreto 90/2002, do 28 de febreiro, polo que se regula a tenencia de animais potencialmente perigosos na Comunidade Autónoma de Galicia, que deberán, en lugares públicos, ir sempre con correas e bozo, de conformidade coa normativa aplicable.
- 4.— Sinalar verticalmente a zona como de esparexemento canino.
- 5.— O propietario/a ou posuidor/a dos cans deberá manter o control sobre eles ao fin de evitar molestias ou danos ás persoas e aos demais cans, sendo responsable o propietario/a ou posuidor/a do seu comportamento e danos, de acordo coa normativa aplicable.
- 6.— Publicar o presente acordo no BOP segundo o establecido no artigo 59.6 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, que producirá efectos ao día seguinte da devandita publicación.

Indicar ás-aos interesadas/os que o acordo que se notifica pon fin á vía administrativa ao abeiro do disposto no artigo 109.c) da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Contra este acto administrativo poderá interponerse recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da presente notificación, de acordo co disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992.

Asemade, poderá interponerse directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo segundo o previsto nos artigos 1, 8, 25.1, 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa, 116 e concordantes da Lei 30/1992, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da presente notificación; sen prexuízo da interposición pola/o interesada/o de calquera outro recurso que estime procedente conforme a Dereito.